

6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 11: Véndese!

Actividade 1

Enunciado: Escribe cada palabra no lugar que lle corresponde.

toló mexar escusado borracho
invidente anano ebrio indixente

Palabras tabú	toló, mexar, borracho, anano.
Eufemismos	escusado, indixente, ebrio, invidente.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre diferencia correctamente as palabras tabú dos eufemismos.	Case sempre diferencia correctamente as palabras tabú dos eufemismos.	Cústalle diferenciar correctamente as palabras tabú dos eufemismos.	Non diferencia correctamente as palabras tabú dos eufemismos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica palabras tabú e eufemismos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 2

Enunciado: Define.

Palabras tabú: palabras que evitamos empregar por consideralas de mal gusto.

Eufemismos: palabras ou expresións que substitúen a palabras tabú ou a outras directas de máis.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Define correctamente palabra tabú e eufemismo.	Define con bastante corrección palabra tabú e eufemismo.	Precisa axuda para definir palabra tabú e eufemismo.	Non é quen de definir palabra tabú e eufemismo.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica palabras tabú e eufemismos

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Coloca as comas, os puntos e os puntos e coma onde corresponda.

- Os tres iremos a Lugo: Xurxo, o meu amigo; Brais, o meu irmán e eu.
- Esquecín as chaves, as do coche, non podo abrillo.
- María, Xan e eu invitámolo a vir; non obstante, non quixo.
- Apura, Marco, o teu pai está agardando por ti.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.	Case sempre emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.	Cústalle empregar correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.	Non emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 4

Enunciado: Completa con comiñas e parénteses.

- O meteorólogo da TVG (Televisión de Galicia) dixo: «Mañá choverá todo o día».
- Lucas (o irmán de Nico) está preparando un «book» para a axencia.
- O ano que nacín (1999) fixo un tempo «infernál».
- Rosalía de Castro (poetisa galega) escribiu «Negra Sombra».

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre emprega o signo de puntuación correcto.	Case sempre emprega o signo de puntuación correcto.	Cústalle empregar o signo de puntuación correcto.	Non emprega o signo de puntuación correcto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 5

Enunciado: Escribe tres oracións con tres usos distintos dos dous puntos.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe tres exemplos correctos que sirvan para explicar uso diferentes dos dous puntos.	Escribe dous exemplos correctos que sirvan para explicar usos diferentes dos dous puntos.	Escribe un exemplo correcto que sirva para explicar un uso dos dous puntos.	Non escribe ningún exemplo correcto que sirva para explicar o uso dos dous puntos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente as os signos de puntuación nos seus escritos

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Indica a clase de suxeito destas oracións e di se son activas ou pasivas.

- Paula esta invitada por min á festa. **Suxeito axente; oración activa.**
- Quizais o paquete foi enviado polos avós. **Suxeito paciente; oración pasiva.**
- Xurxo merca amorodos para facer unha torta. **Suxeito axente; oración activa.**
- O can é coidado polos nenos da vila. **Suxeito paciente; oración pasiva.**
- Seredes recibidos polo presidente da Xunta? **Suxeito paciente; oración pasiva.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Tras unha lectura previa das oracións, sempre diferencia correctamente as activas das pasivas e identifica os seus suxeitos.	Tras unha lectura previa das oracións, comete un erro á hora de diferenciar correctamente as activas das pasivas e identificar os seus suxeitos.	Tras unha lectura previa das oracións, comete tres erros á hora de diferenciar correctamente as activas das pasivas e identificar os seus suxeitos.	Tras unha lectura previa das oracións, comete máis de tres erros á hora de diferenciar correctamente as activas das pasivas e identificar os seus suxeitos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferencia as oracións activas das pasivas.
Obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender
Competencia cívica e social

Actividade 7

Enunciado: Sinala os complementos destas oracións e indica de que clase son.

- Estes libros nunca foron publicados pola editorial.
CCT C. Axente
- O mércores correremos a maratón cos compañeiros da escola.
CCT CD CCom
- A escultura foi doada por un indiano no ano 1899.
C. Axente CCT

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre reconece correctamente os complementos das oracións.	Comete menos de tres erros ao reconecer os complementos das oracións.	Comete tanto erros como acertos ao reconecer os complementos das oracións.	Comete máis erros que acertos ao reconecer os complementos das oracións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Recoñece os complementos da oración pasiva

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 8

Enunciado: Fíxate na ilustración e explica e escribe o anuncio dun destes produtos.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre segue os pasos correctos para elaborar un anuncio.	Case sempre segue os pasos correctos para elaborar un anuncio.	Cústalle seguir os pasos correctos para elaborar un anuncio.	Non segue os pasos correctos para elaborar un anuncio.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os pasos para elaborar un anuncio de radio.
Relata feitos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia sociais e cívicas

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 9

Enunciado: Escribe catro características da comedia.

Caracterízase polo desenlace feliz. Polo xeral adoita ter unha intención crítica, moralizadora ou satírica. Os seus personaxes protagonistas vense enleados nas dificultades da vida cotiá e que tratan de solucionar a pesar dos seus defectos. Tivo a súa orixe na Grecia clásica.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enumera correctamente catro características da comedia.	Enumera correctamente tres características da comedia.	Enumera correctamente dúas características da comedia.	Enumera menos de dúas características da comedia.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da comedia

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 10

Enunciado: Que é unha bitácora?

É unha páxina web onde un autor ou autores publican artigos (entradas) sobre un tema particular a modo de diario.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enuncia correctamente as características dunha bitácora ou blog.	Enuncia case correctamente as características dunha bitácora ou blog.	Cústalle enunciar correctamente as características dunha bitácora ou blog.	Non enuncia correctamente as características dunha bitácora ou blog.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Enuncia as características dunha bitácora ou blog.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia sociais e cívicas

Actividade 11

Enunciado: Escribe os eufemismos que aparecen no texto.

Esta mañá, despois de ser espertado pola radio, atopeime coa «agradable» noticia de que o conflito armado en Siria (Oriente Próximo) provocara varios pasamentos debido á utilización masiva de artefactos explosivos de alta potencia. Canso de oír tantas desgrazas, cambiei de canle e púxenme a escoitar o partido que estaban a xogar uns deficientes visuais na liga rexional de fútbol...

Conflito armado, pasamentos, artefactos explosivos, deficientes visuais.

- A que palabras tabú substitúen?

Guerra, mortes, bombas, cegos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica nun texto todos os eufemismos presentes nel e indica correctamente as palabras tabú ás que substitúen.	Identifica nun texto case todos os eufemismos presentes nel e indica correctamente as palabras tabú ás que substitúen.	Identifica nun texto menos da metade dos eufemismos presentes nel e indica correctamente as palabras tabú ás que substitúen.	Non identifica nun texto os eufemismos presentes nel nin indica correctamente as palabras tabú ás que substitúen.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén información nun texto.

Le un texto de forma fluída.

Identifica eufemismos e palabras tabú.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 12

Enunciado: Indica os usos da coma que se dan no texto.

Introducir aclaracións.

• **Que outros usos ten a coma?**

Separar elementos dunha enumeración, cando se suprime un verbo xa mencionado, separar o lugar da data ou a rúa do número, diante do nome da persoa a quen nos diriximos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Indica, correctamente, os usos da coma que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Case sempre indicar correctamente os usos da coma que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Cústalle indicar correctamente os usos da coma que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Non Indica, correctamente, os usos da coma que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos. obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 13

Enunciado: Escribe a oración pasiva que aparece no texto e analízaa.

Despois de ser espertado pola radio.

CCT V. (núcleo P) C. Axente

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Localiza no texto a oración pasiva e indica correctamente os seus complementos.	Localiza no texto a oración pasiva e comete un erro na análise dos seus complementos.	Localiza no texto a oración pasiva e comete dous erros na análise dos seus complementos.	Non localiza no texto a oración pasiva ou comete tres erros na análise dos seus complementos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferenza as oracións pasivas e activas.

Recoñece os complementos da oración pasiva.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 14

Enunciado: Para que se empregan as comiñas do texto?

Indicar unha expresión empregada en sentido figurado.

• **Que outros usos teñen?**

Indicar citas textuais, destacar palabras mal escritas ou estranxeiras, referirse a títulos ou artigos ou capítulos de libros.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Indica, correctamente, os usos das comiñas que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Case sempre indicar correctamente os usos das comiñas que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Cústalle indicar correctamente os usos das comiñas que se dan nun texto e enumera as súas outras funcións.	Non Indica, correctamente, os usos das comiñas que se dan nun texto ou non enumera as súas outras funcións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos. obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 15

Enunciado: Cal é a función das parénteses do texto?

Poñer datos complementarios.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Explica correctamente o uso da paréntese nun texto.	Explica con bastante corrección o uso da paréntese nun texto.	Cústalle explicar o uso da paréntese nun texto.	Non explica correctamente o uso da paréntese nun texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos.
obtéñ información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística
Competencia para aprender a aprender

Actividade 16

Enunciado: Escribe dúas oracións do texto con suxeito axente.

Resposta libre.

- **Que nome reciben?**

Oracións activas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica no texto dúas oracións con suxeito axente e as reconece como activas.	Identifica no texto unha oracións con suxeito axente e a reconece como activa.	Identifica no texto unha oracións con suxeito axente, pero non a identifica como activa.	Non identifica o suxeito axente en ningunha das actividades do texto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e diferenza as oracións pasivas e activas

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 17

Enunciado: Que indican os puntos suspensivos do texto?

Que o texto non está rematado.

• **Escrebe un texto onde se aprecien tres usos distintos dos puntos suspensivos.**

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Indica correctamente a función dos puntos suspensivos do texto e escribe outro no que se empregue este signo ortográfico con tres usos diferentes.	Indica correctamente a función dos puntos suspensivos do texto e escribe outro no que se empregue este signo ortográfico con dous usos diferentes.	Cústalle indicar correctamente a función dos puntos suspensivos do texto e escribir outro no que se empregue este signo ortográfico con dous usos diferentes.	Non indica correctamente a función dos puntos suspensivos do texto ou non escribe outro no que se empregue este signo ortográfico con algún dos seus usos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Emprega correctamente os signos de puntuación nos seus escritos. obtén información dun texto.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 18

Enunciado: Que anuncio podería escoitar o narrador do texto na radio? Escribeo.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Redacta anuncios orixinais e coherentes co fin pretendido, seguindo as normas ortográficas.	Redacta anuncios orixinais e coherentes co fin pretendido, seguindo case todas as normas ortográficas.	Cústalle redactar anuncios orixinais e coherentes co fin pretendido, e seguir as normas ortográficas.	Non redacta anuncios orixinais e coherentes co fin pretendido nin segue as normas ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece os pasos para elaborar un anuncio de radio.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

Actividade 19

Enunciado: O narrador participa nunha bitácora. Que é?

Unha páxina web onde se publican artigos sobre un tema particular a modo de diario.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Enuncia correctamente as características dunha bitácora ou blog.	Enuncia, con bastante exactitude, as características dunha bitácora ou blog.	Enuncia, con bastante dificultade, as características dunha bitácora ou blog.	Non enuncia as características dunha bitácora ou blog.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Enuncia as características dunha bitácora ou blog.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 20

Enunciado: O texto inicial podería formar parte dunha comedia? Por que?

Non porque non ten as súas características: desenlace feliz, intención crítica, moralizadora ou satírica e os seus personaxes protagonistas non se ven enleados nas dificultades da vida cotiá que tratan de solucionar a pesar dos seus defectos.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Analiza a tipoloxía dun texto e dá tres razóns para non clasificalo como conto.	Analiza a tipoloxía dun texto e dá dúas razóns para non clasificalo como conto.	Analiza a tipoloxía dun texto e dá unha razón para non clasificalo como conto.	Analiza a tipoloxía dun texto e non dá razóns para non clasificalo como un conto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece as características da comedia.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender